



AXUDAS DO IGAPE (INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA) PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAIS E PEZAS DE MOBILIARIO DE COCIÑA E BAÑO E SELECCIÓN DE ENTIDADES QUE PARTICIPARÁN NA XESTIÓN

Bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Reforma16), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2016 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Reforma16), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160713/AnuncioO92-290616-0002_gl.html

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

As operacións de adquisición de materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cociña e baño (excluídos electrodomésticos) realizadas nun establecemento de venda adherido á presente iniciativa.

Establecementos adheridos: <http://www.igape.es/es/ser-mais-competitivo/reforma15/2015-09-23-19-06-38>


GASTOS SUBVENCIONABLES

Actuacións, gastos subvencionables e contía das axudas:

1. Serán subvencionables as operacións de adquisición de materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cociña e baño (excluídos electrodomésticos) realizadas nun establecemento de venda adherido, que cumpran as seguintes condicións:

- a) Adquirir un ou varios bens obxecto de subvención nalgún dos establecementos de venda adheridos á presente iniciativa.
- b) Para ser subvencionable unha operación de compra deberá acadar un custo mínimo de 1.000 euros (sen incluír IVE).
- c) A subvención máxima que se percibirá por persoa física será de 1.000 euros nunha ou varias operacións.
- d) Os bens obxecto de axuda deberán ser destinados, nun prazo de tres meses desde a solicitude, á reforma ou nova instalación de mobiliario no enderezo indicado na solicitude de axuda. Este domicilio non poderá figurar en ningún expediente doutro solicitante de axuda ao abeiro deste programa. Os beneficiarios da axuda declararán responsablemente que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional.
- e) Os establecementos de venda deberán identificar claramente os materiais e pezas de mobiliario susceptibles de axuda conforme o establecido nestas bases.
- f) Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

A obriga de destinar os bens obxecto da axuda á reforma no domicilio indicado na solicitude recae en primeira instancia no beneficiario da axuda, sen prexuízo de que este poida demostrar a imposibilidade de realizar dita reforma en prazo por retrasos ou outras causas achacables ao establecemento colaborador en cuxo caso, e de quedar acreditadas as ditas circunstancias, procederase a incoar procedemento de incumprimento de condicións ao establecemento colaborador, que poderá rematar cunha resolución de revogación da axuda.



e) Os establecementos de venda deberán identificar claramente os materiais e pezas de mobiliario susceptibles de axuda conforme ao establecido nestas bases.

f) Quedan expresamente excluídos: A man de obra da reforma; os electrodomésticos; as ventás e os seus marcos; portas de paso e os seus marcos; estufas e cociñas de gas, leña, pellets ou similares e radiadores de calquera tipo; cortinas e estores.

2. Non se considerarán subvencionables os gastos e custos financeiros que sexan consecuencia do investimento nin os gastos realizados en bens usados.

3. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o día da presentación da solicitude e o derradeiro día do prazo de xustificación.

4. O IVE (imposto sobre o valor engadido) considerarase gasto subvencionable, dado que os beneficiarios son particulares, para xustificar o cal será necesario realizar unha declaración responsable (establecida na solicitude-anexo II) en que se indique que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional. Sen embargo, para calcular a contía da subvención terase en conta o prezo dos bens impostos excluídos.

5. A contía da axuda será dun 20 % sobre o prezo dos bens, impostos excluídos, e antes do desconto requirido no seguinte parágrafo, cun máximo acumulado de subvención de 1.000 euros por beneficiario.

A axuda do Igape virá condicionada a un desconto realizado polo establecemento de venda, que será realizado sobre a base imponible da factura, de importe polo menos da mesma contía que a axuda outorgada polo Igape.

Polo tanto, a diferenza de prezo sobre a base imponible resultante para o comprador dos bens obxecto de axuda será do 40 % desta, cos límites expostos, mediante o desconto e a subvención á compra, sen prexuízo de calquera desconto adicional que se poida obter por políticas concretas de venda ou promocións dos establecementos ou fabricantes.

6. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao seu valor do mercado.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, que no seu artigo 19.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.


A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar no Diario Oficial de Galicia, e tamén na páxina web do Igape a dita circunstancia, o que suporá a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

a) Xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa.

BENEFICIARIOS

As persoas físicas, consumidores individuais, propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que os bens subvencionables descritos no artigo 3 desta Resolución se adquiren nunha entidade colaboradora adherida ao programa Reforma16 e se destinen ao dito inmovle.



CONTÍA DAS AXUDAS

A contía total das axudas será do 40% do prezo (20% de Axuda do IGAPE máis 20% de desconto do establecemento)

A contía da axuda será dun 20 % sobre o prezo dos bens, impostos excluídos, e antes do desconto requirido no seguinte parágrafo, cun máximo acumulado de subvención de 1.000 € por beneficiario.

A axuda do Igape virá condicionada a un desconto realizado polo establecemento de venda, que será realizado sobre a base impositiva da factura, de importe polo menos da mesma contía que a axuda outorgada polo Igape.

Polo tanto, a diferenza de prezo sobre a base impositiva resultante para o comprador dos bens obxecto de axuda será do 40% desta, cos límites expostos, mediante o desconto e a subvención á compra, sen prexuízo de calquera desconto adicional que se poida obter por políticas concretas de venda ou promocións dos establecementos ou fabricantes.

SOLICITUDES. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As entidades colaboradoras, establecementos de venda de materiais de rehabilitación ou pezas de mobiliario de cociña e baño (entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, ou ben empresarios individuais con domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia e con acreditación das condicións de solvencia técnica e económica), son as encargadas de tramitar a solicitude (facer a reserva de fondos, presentar a solicitude e a documentación xustificativa da actuación).

1. Lugar:

– O comprador dirixirse a unha entidade colaboradora e elixirá un conxunto de bens a adquirir que cumpra os requisitos mínimos exixidos no artigo 3 destas bases.

Na páxina web do Igape está dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras do programa Reforma16.

Listaxe de empresas colaboradoras: <http://www.igape.es/gl/ser-mais-competitivo/reforma16/reforma16-adheridos>

2. Prazo:

- O prazo para presentar as solicitudes de axuda será: 28/07/2016 – 15/10/2016

XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

O prazo de xustificación da axuda estenderase ata o 31 de Outubro de 2016

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA - IGAPE

Complexo Administrativo San Lázaro, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono: 900815151

Email: informa@igape.es

Máis información na páxina web do Igape: <http://www.igape.es>, teléfono: 900 815 151, enderezo electrónico: informa@igape.es ou ben presencialmente nas oficinas do IGAPE indicadas no enderezo <http://www.igape.es/es/que-e-o-igape/onde-estamos>.